



**PROGRAMACIÓN DE EAV**

(GRAO ELEMENTAL)

**DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL**

## Contenido

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos das ensinanzas .....	4
2.1 Obxectivos xerais do Grao Elemental.....	4
3. Obxectivos específicos .....	5
3.1 Grao Elemental .....	5
4. Metodoloxía.....	5
5. Atención á diversidade.....	6
6. Temas transversais.....	7
6.1 Educación en valores.....	8
6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	8
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....	8
8. Secuenciación do curso .....	8
Curso 1º G.E .....	9
8.1 Obxectivos.....	9
8.2 Contidos .....	9
8.3 Avaliación .....	10
8.4 Medidas de recuperación.....	12
8.5 Recursos didácticos .....	13
Curso 2º GE .....	14
8.1 Obxectivos.....	14
8.2 Contidos .....	15
8.3 Avaliación .....	16
8.4 Medidas de recuperación.....	19
8.5 Recursos didácticos .....	20
Curso 3º GE .....	21
8.1 Obxectivos.....	21
8.2 Contidos .....	22
8.3 Avaliación .....	23
8.4 Medidas de recuperación.....	26
8.5 Recursos didácticos .....	27
Curso 4º GE .....	28
8.1 Obxectivos.....	28
8.2 Contidos .....	28
8.3 Avaliación .....	29
8.4 Medidas de recuperación.....	32
8.5 Recursos didácticos .....	33

## **1. Introducción**

O obxectivo básico de toda educación musical consiste en aproximar un obxecto tan prezado e estimable como é a música á percepción total do ser humano.

Co dividir do tempo, considerouse a posibilidade de que un aspecto que non se tivera en conta no pasado fose susceptible de aprenderse e se incorporara ao feito da aprendizaxe, isto é, o oído musical. Habitualmente considérase o oído musical como unha habilidade indispensable nos desempeños musicais. Dependendo do punto de vista, esta habilidade pódese considerar desde un atributo innato do músico, ata o resultado dun meticuloso e ordenado proceso de aprendizaxe relacionado íntimamente co coñecemento cultural específico que implica o saber escoitar. O instrumentista necesita cantar e a experiencia vocal lle proporciona unha dimensión humana máis interiorizada do son físico.

O futuro profesional debe ser quen de escoitar e cantar co seu propio corpo físico e emocional, potenciar as súas capacidades perceptivas e coñecer a música integralmente. É dicir, debe poder apreciar e sentir a música non só co intelecto senón tamén cos outros sentidos; de aí que o traballo de desenvolvemento auditivo e vocal estea integrado en tres fases: auditiva, analítica e perceptivo-sensorial.

Xa que logo, o maior esforzo do profesorado deberíase centrar na recuperación dunha percepción espontánea e desinteresada dos sons, a través do aumento-cualitativo e cuantitativo- da estimulación auditiva do alumnado a través do son, da música e das cancións.

### **FUNDAMENTACIÓN LEGAL**

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ao alumna dounha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos

conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

## **2. Obxectivos das ensinanzas**

### **2.1 Obxectivos xerais do Grao Elemental**

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuído a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especificidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e o galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### **3. Obxectivos específicos**

#### **3.1 Grao Elemental**

O estudo do son no grao elemental ten como obxectivos os seguintes:

- Valorar a importancia da memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa.
- Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico , rítmico, melódico, formal etc)
- Potenciar a memoria como base para a formación do oído interno.
- Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

### **4. Metodoloxía**

Na aprendizaxe da música é preciso un continuo entre as vivencias musicais naturais (expresión musical natural) e a presentación constante de novos contidos. A metodoloxía debe ser natural, integral e globalizadora, engarzando de xeito xeito natural coas actividades cotidiáns do neno tódolos aspectos da educación.

Os principios metodolóxicos que rixen a elaboración desta programación son os seguintes:

- **Actividade:** a música se aprende facéndoa. Abordaremos a aprendizaxe da EAV a través dunha metodoloxía activa, en formato de obradoiro.
- **Autonomía:** cada alumno será orientado na adquisición progresiva de hábitos musicais, ensinándolle a traballar de forma independente.
- **Creatividade:** o alumno irá construíndo o seu propio método, recompilando os resultados das tarefas propostas que en moitos casos consistirán en exercicios de creación.
- **Individualización:** aínda que EAV é unha materia colectiva, procuraremos ter en conta en cada clase a dimensión persoal e afectiva social de cada alumno.
- **Significación:** será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situación, que terá aplicación reais. Para elo empregaremos o xogo como ferramenta básica que reponde ós desexos e curiosidades do alumno e serve ós aprendizaxes significativos.
- **Interdisciplinabilidade:** buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

## MÉTODOS DIDÁCTICOS

- Modelo Constructivista: tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o alumno elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- Aprendoxaxe significativo: este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realizase construindo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situación.

Debemos ter en conta:

- Que o alumnado teña unha boa actitude
- Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia.
- Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos.
- Que os alumnos sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo.

## **5. Atención á diversidade**

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réximexeral).

### **Alumnado estranxeiro**

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgúns zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

### **Superdotación intelectual**

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveles para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelctual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xuntoás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

### **Alumnado con necesidades educativas especiais**

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelctual, aínda que si con discapacidade física, pero se sedera ese caso tomárianse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelctual.

## **6. Temas transversais**

## **6.1 Educación en valores**

Con esta programación farase fincapié na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e os seres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapié na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

## **6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

## **7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

## **8. Secuenciación do curso**



## Curso 1º G.E

### 8.1 Obxectivos

- Compartir experiencias musicais cos compañeiros a través das cancións
- Coñecer e experimentar con todo o que teña que ver coa fonación, respiración, relaxación e vocalización
- Valorar na entoación a correcta afinación e interiorización dos sons
- Desenvolver o traballo vocal en grupo a través do canon a 2 o 3 voces, e de cancións sinxelas.
- Memorizar e reproducir cunha boa emisión, cancións e melodías adpatadas ao nivel do curso
- Potenciar a memoria como base para a formación do oído interno.
- Recoñecer movementos melódicos ascendentes-descendentes, movemento horizontal, graos conxuntos, saltos etc
- Practicar o dictado rítmico, melódico e rítmico-melodico coas dificultades propias do curso
- Identificar erros e diferenzas entre un fragmento escoitado e un escrito
- Interiorizar a sensación harmónica de tónica-dominante
- Adquirir hábito do traballo individual diario.

### 8.2 Contidos

- -Percepción do pulso e da súa subdivisión.
- -Sensibilización e recoñecemento auditivo da altura e da dirección dos sons nos movementos melódicos
- -Diferenciación melódica de graos conxuntos e disxuntos.
- -Reproducción escrita dos movementos melódicos, rítmicos e melódico-rítmicos.
- -Dictados melódicos-rítmicos no compases de 2/4 e 3/4 coas seguintes figuracións:



- -Adestramento progresivo da memoria musical a través de formulas rítmicas e melódicas.
- -Prácticas de ditados melódicos na tonalidade de Do Maior.
- -Recoñecemento dos intervalos de 3ª Maior e 5ª Xusta

## Educación vocal

- Coñecemento e práctica da respiración, a relaxación e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
- Sensibilización pola afinación e polo empaste.
- A articulación e o fraseo.
- O canon como recurso didáctico para a iniciación coral.
- Práctica da canción popular e da canción de autor a unha voz, con acompañamento instrumental e “a capella”
- Práctica da lectura entoada das leccións do curso.

### 8.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzamento en calquera momento do curso.

Para elo utilizaremos procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son:

- Obxectividade: tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística
- Transparencia: xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación
- Accesibilidade: os alumnos disporán de toda a información relacionada coa a súa avaliación ó longo do curso.

#### 8.3.1 Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera dos alumnos, respecto das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais e específicos. O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, non deben ser medido de forma mecánica, senon con flexibilidade.

- Identificar auditivamente o acorde maior. Preténdese constatar a capacidade do alumnado para recoñecer este fundamental aspecto da audición dándolle elementos para a súa audición intelixente.

- Reproducir por escrito fragmentos rítmicos escoitados. Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para recoñecer e reproducir aspectos rítmicos coñecidos.
- Reproducir por escrito fragmentos melódicos escoitados. Avaliamos aquí a capacidade de interiorizar e reproducir graficamente movementos melódicos con sentido tonal.
- Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos melódico-rítmicos escoitados. Trátase
- de avaliar a destreza para captar conxuntamente os aspectos melódicos e rítmicos do fragmento escoitado.
- Entoar a través da lectura as leccións do curso.
- Entoar integrándose no grupo, melodías a unha voz e unha das voces dun canon. Trátase de obxectivar a destreza do alumnado para se adaptar musicalmente e sonoramente a un grupo.

### 8.3.2 Mínimos esixibles

Os contidos suraiados con (-) no apartado 8.3.1., son considerados contidos mínimos para superar o primeiro curso.

### 8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

O profesor debe:

- Observar no alumno os coñecementos, habilidades, aptitudes, destrezas e valores
- Observar a súa soltura na imitación de modelos: lectura, interpretación, entoación etc
- Observar o xeito de recibir a instrucción directa por parte do profesor
- Inducir ó alumno a analizar e reflexionar sobre as súas propias actuacións
- Demostrar unha aprendizaxe globalizada coa interrelación de todos os elementos sinalados anteriormente.

### 8.3.4 Criterios de cualificación

A materia de EAV divídese en dous apartados principais: audición e práctica vocal. Polo tanto o primeiro e principal criterio de cualificación será a correcta consecución deses contidos, dende o mínimo exixible ata a máxima consecución dos obxectivos do curso.

A cualificación obtense realizando a media ponderada dos dous apartados no que se divide a materia de EAV, puntuándose cada un deles de 0 a 10 puntos.

Aos alumnos/as que non acaden os **contidos mínimos esixibles** non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

**Ponderación:**

**Contidos auditivos (50%)**

**Contidos vocais (50%):**

Debido a que a cualificación final exprésase cun número sen decimais, o profesor deberá redondear a nota do seguinte xeito:

- a. con decimais igual ou menor que 4: redondeo ao nº inferior.
- b. con decimais igual ou superior que 5: redondeo ao nº superior.

### 8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para que o alumnado poida ampliar ao curso seguinte, debe cumprir os obxectivos e os contidos mínimos do curso no que está matriculado.

Para saber se estes obxectivos foron alcanzados, o alumno fará un exame que abarque as 2 destrezas da materia adecuadas ao nivel, entoación e dictados. A ponderación será a seguinte:

- Entoación 50%
- Ditados 50%

## 8.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación serán aplicables aos alumnos que non acaden a cualificación mínima para aprobar por non ter cumpridos os obxectivos mínimos e tamén no caso de perda de avaliación continua.

### 8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Poden darse varios casos:

- No caso de alumnos coa materia pendente, aínda que estean matriculados nos dous cursos, asistirán obrigatoriamente ó curso inferior, Só no caso de que o profesor vexa posible a recuperación da materia antes de fin de curso, poderase recomendar a asistencia a ambos cursos.
- O alumno que non acade a cualificación mínima de 5 na primeira e segunda avaliación será informado ó longo do curso das medidas de recuperación adecuadas como poden ser: asistencia a titorías, clases de reforzón, fichas de exercicios etc.
- O alumnado que perda o dereito a avaliación continua terá dereito a dúas probas, unha en xuño e outra en setembro

A proba de recuperación ordinaria será a que se faga no mes de xuño. Farase unha semana antes da avaliación do terceiro trimestre. Poderase acoller a esta todos os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua por non asistir a clase durante o curso o por ter acumuladas un número de faltas igual ou superior ás estipuladas no regulamento interno do centro no terceiro trimestre.

Os alumnos que desexen acollerse a este dereito deberán avisar ó profesor da materia por mediación do titor. A dita proba poderán asistir outros profesores do departamento en calidade de observadores.

A proba consistirá nun exercicio auditivo e outro exercicio vocal, baseados nos contidos do curso correspondente. A nota final será a ponderación dos dous exercicios :

- 50% proba auditiva
- 50% proba vocal

#### **8.4.2 Probas extraordinarias de recuperación**

O alumnado que no mes de xuño non acade a cualificación mínima de 5 terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de setembro. A proba seguirá o mesmo procedemento que a proba de xuño citada no punto anterior.

### **8.5 Recursos didácticos**

- Selección, elaborada por cada profesor ou profesora de obras corais a dúas e tres voces.
- Selección, elaborada por cada profesor ou profesora, de pequenas obras musicais ou fragmentos de outras mais longas.
- Gravación dalgunhas das obras anteriores.
- Repertorio de estudo propio de cada alumno ou alumna/a na clase de instrumento.
- Todo este material utilizarase nas clases, as veces de forma auditiva e outras mediante partitura, que o profesorado proporcionará aos alumnos e alumnas.
- Materiais impresos: Libro de texto, libro de audición (profesor/alumno), caderno de exercicios de teoría, caderno pautado, libreta, partituras, e libros de consulta ( citados no apartado de bibliografía).
- Medios audiovisuais: Encerado pautado, paneis, fotocopiadora, lector de CDs e DVD.
- Medios informáticos: Programas de edición de partituras (Encore, Finale, Sibelius...), ordenador, canon proxector, e acceso a internet.

#### **RECURSOS PARA O ALUMNO:**

- Caderno pautado.

## **RECURSOS PARA O PROFESOR:**

- Cuadernos de audición. Ibañez - Cursá. Real Musical.
- Cuadernos de audición. Enclave Creativa Ediciones.
- Dictados. Gabriel Robles Ojeda. Ediciones Sib.
- Dictados musicales. Enrique Gosp. Rivera editores.
- Audición 1. Forma y color en la música. Ed. Dinsic.
- Audición 2. Forma y color en la música. Ed. Dinsic.
- Las formas musicales A. Ediciones Fuzeau.
- Las formas musicales B. Ediciones Fuzeau.
- Audición y descubrimiento de los instrumentos. Ed. Fuzeau.
- Investigando los estilos musicales. Roy Bennett. Ed. Akal.
- Escuchar y mirar. Joost Langeveld. Ed. Akal.
- Coro 1. Ibañez – Cursá. Rivera Editores.
- Coro 2. Ibañez – Cursá. Rivera Editores.
- Coro 1. Grado Elemental. Enclave Creativa Ediciones.
- Coro 2. Grado Elemental. Enclave Creativa Ediciones

## **Curso 2º GE**

### **8.1 Obxectivos**

- Valorar a importancia da memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa.

- Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).
- Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.
- Proxectar unha emisión natural de voz que evite todo tipo de tensións, partindo dunha postura corporal axeitada.
- Adquirir a destreza necesaria para unha correcta afinación e empaste, escoitando ás outras voces.
- Coñecer os xestos básicos da dirección coral, e interpretar a música de acordo con eles.
- Relacionar os coñecementos musicais cos adquiridos a través do canto coral e coñecer un repertorio específico.

## 8.2 Contidos

### Educación auditiva

- Percepción do pulso e da súa subdivisión en corcheas e semicorcheas.
- Recoñecemento auditivo de fragmentos escoitados.
- Diferenciación auditiva entre o modo maior e menor.
- Identificación auditiva das funcións tonais de tónica e dominante
- Recoñecemento dos erros entre o fragmento escrito e o escoitado variando a dificultade
- Diferenciación auditiva dos compases simples binarios, ternarios e cuaternarios a través do acento..
- Adestramento progresivo da memoria musical a través de fórmulas rítmicas e melódicas.
- Recoñecemento auditivo de acordes Maiores e menores.
- Recoñecemento auditivo de intervalos melódicos simples, 2ª, 3ª maiores e menores e 4ª, 5ª e 8 xustos.
- Recoñecemento auditivo de escalas Maiores e menores
- Prácticas do ditado melódico- rítmico en tonalidades de ata unha alteración, maiores e menores coas seguintes figuracións:
  - Subdivisión ternaria: 6/8



- Subdivisión binaria: 2/4 , 3/4



## Educación vocal

- Coñecemento e práctica da respiración, a relaxación e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
- Sensibilización pola afinación e polo empaste.
- A articulación e o fraseo.
- Práctica da lectura entoada das leccións do curso.
- O canon como recurso didáctico para a iniciación coral.
- Práctica da canción popular e da canción de autor a unha e dúas voces, con acompañamento instrumental ou “a capella”.
- Improvisación vocal con proposta previa.
- Práctica de lectura a primeira vista de repertorio coral.

## 8.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzamento en calquera momento do curso.

Para elo utilizaremos procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son:

- Obxectividade: tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística
- Transparencia: xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación
- Accesibilidade: os alumnos disporán de toda a información relacionada coa a súa avaliación ó longo do curso.



### 8.3.1 Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera dos alumnos, respecto das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais e específicos. O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, non deben ser medido de forma mecánica, senon con flexibilidade.

- Identificar os erros e as diferenzas existentes entre un fragmento escrito e o escoitado. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para discriminar auditivamente as posibles diferenzas entre o escoitado e o escrito.
- Identificar auditivamente o modo maior e menor dunha obra ou dun fragmento. Preténdese constatar a capacidade do alumnado para recoñecer este fundamental aspecto da audición dándolle elementos para a súa audición intelixente.
- Diferenciar auditivamente intervalos melódicos simples e acordes tríadas maiores e menores. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumno para recoñecer elementos melódicos básicos.
- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para percibir aspectos distintos (rítmicos, melódicos, formais, tímbricos, etc.), tras seleccionar os aspectos que se deban identificar ou ben deixando que se identifiquen libremente os aspectos que resulten máis notorios.
- Reproducir por escrito fragmentos rítmicos escoitados. Mediante este criterio aválase a capacidade do alumnado para recoñecer e reproducir aspectos rítmicos coñecidos.
- Reproducir por escrito fragmentos melódicos escoitados. Avaliamos aquí a capacidade de interiorizar e reproducir graficamente movementos melódicos con sentido tonal.
- Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos melódico-rítmicos escoitados. Trátase de avaliar a destreza para captar conxuntamente os aspectos melódicos e rítmicos do fragmento escoitado.
- Entoar a través da lectura as leccións do curso.
- Entoar integrándose no grupo, unha das voces dun canon ou fragmento musical polifónico. Trátase de obxectivar a destreza do alumnado para se adaptar musicalmente e sonoramente a un grupo.
- Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual nos estudos e os métodos de traballo.

Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo os métodos de traballo e as indicacións do profesorado, desenvolvendo así unha autonomía que lle permita unha certa valoración do rendemento.

### 8.3.2 Mínimos esixibles

Os contidos subrayados con (-) no apartado 8.3.1, son considerados contidos mínimos para superar o primeiro curso.

### 8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- De índole cualitativa: Observación sistemática , diaria e directa do alumno durante o transcurso das actividades, sexan individuais ou en grupo, coa conseguinte recollidas de datos na ficha individual do alumno. Recollida e revisión dos cadernos de clase: exercicios realizados, apuntes teóricos , ditados rítmicos e melódicos. Gravación en audio das actividades realizadas dentro ou fora da aula, con autocrítica posterior. Realización de traballos de investigación. Realización de sesións en grupo, comentando en voz alta o sentido do traballo realziado. Cuestionarios de preguntas concretas, ou ben abertos a opinións do alumno. Calquera actividade de avalización que nos permita establece relaciones, identificar semellanzas e diferenzas, elaborar novas ideas, interpretar feitos, formular hipótesis, empregando situacións diferentes ás que se produciron no momento do aprendizaxe.
- De índole cuantitativa: probas orais, realizadas individual ou colectivamente: imitar, memorizar ou recoñecer ritmos , melodias, intervalos, acordes, estruturas harmonicas, cadencias etc. Entoar intervalos propostos, entoar melodias e cancións, crear melodias. Probas escritas: recoñecer erros entre o escoitado e o escrito, realizar ditados rítmicos e melódicos, analizar pequenas obras etc.
- De índole diagnóstico: este tipo de avalización emprégase ao principio do curso con vistas a rexistrar a situación de partida (coñecementos adquiridos con anterioridade, dificultades do alumno, carencias detectadas) e así establecer as actividades que deben facilitar o aprendizaxe de cada alumno.
- A avaliación formativa: é a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través de diferentes técnicas de observación co fin de rexistrar a situación momentanea do aprendizaxe do alumnado, e unha vez obtidos os datos, establecer os mecanismos necesarios para a súa corrección.
- A avalización sumativa: é o último eslabón da avaliación. Nesta fase determinase se acadaron ou non os obxectivos propostos, polo que nos permite medir o resultado final do aprendizaxe, non só o éxito ou o fracaso dos educandos senón tamén de todo o proceso educativo.

### 8.3.4 Criterios de cualificación

A materia de EAV divídese en dous apartados principais: audición e práctica vocal. Polo tanto o primeiro e principal criterio de cualificación será a correcta consecución deses contidos, dende o mínimo exixible ata a máxima consecución dos obxectivos do curso.

A cualificación obtense realizando a media ponderada dos dous apartados no que se divide a materia de EAV, puntuándose cada un deles de 0 a 10 puntos.

Aos alumnos/as que non acaden os **contidos mínimos esixibles** non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

#### **Ponderación:**

**Contidos auditivos (50%)**

**Contidos vocais (50%):**

Debido a que a cualificación final exprésase cun número sen decimais, o profesor deberá redondear a nota do seguinte xeito:

a. con decimais igual ou menor que 4: redondeo ao nº inferior.

b. con decimais igual ou superior que 5: redondeo ao nº superior

### 8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para que o alumnado poida ampliar ao curso seguinte, debe cumprir os obxectivos e os contidos mínimos do curso no que está matriculado.

